

MATERIAIS DE TRABALLO ACI 3º DA ESO

ALUMNO: ADRIÁN GONZÁLEZ CASTRO

Le atentamente o texto e busca no dicionario as palabras que non comprendas.

- Se non tes dicionario na casa podes empregar os seguintes dicionarios en rede:

<https://academia.gal/diccionario>

<https://digalego.xunta.gal/>

O NOVO VECIÑO DA ALDEA



A aldea onde nacín cambiou moito nos últimos tempos. Cando eu era rapaz e vivía alí, había máis xente ca agora. Había tamén dous **ultramarinos** e mesmo un zapateiro. Os nenos do lugar, que eramos quince, iamos todos os días en autobús ao colexio, que estaba nunha vila próxima.

Agora vivo na cidade, e só vou á aldea os venres, para pasar a fin de semana, e aínda así non todas. Os ultramarinos pecharon, xa non hai nenos e case todos os veciños teñen máis de sesenta anos. Na carballeira da Maceira, onde antes había randeiras e bambáns, puxeron xa hai un tempo uns **trebellos** para facer ximnasia, un parque saudable que lle chaman, pero poucos son os que os utilizan.

Hai un, por exemplo, que serve para exercitar os brazos, pero os meus veciños prefiren usar o sacho para limpar os regos das súas **veigas**. Outro serve para camiñar. No letreiro que ten ao pé indícase que serve para facer traballo «cardiorrespiratorio», pero á xente do lugar gústalle mellor subir ata as **chousas** do monte, por ver se os cabalos ou o porco bravo lles estragaron as súas propiedades. Hai pouco, un novo veciño veu cambiar o día a día da aldea.

–É un home moi raro! –díxome un sábado a señora Rosa, que é veciña miña de porta con porta.

–E logo? –preguntei eu.

–Pois, de entrada, –dixo ela– está o xeito en que viste, cuns pantalóns rechamantes que parece un entroido. Despois, que seica non ten lavadora e lava todo á man cun xabón que non sei eu como será. E logo, que xa o vin máis dunha vez na carballeira facendo unhas figuras...!

–Como figuras? –preguntei.

–Pois estira as pernas e os brazos, e fai coma quen que lle dá patadas ao aire.

A comezos de xaneiro, Alexandre, que tal é o nome do novo veciño, colocou un cartel no centro social, que levaba moito tempo pechado e con silvas nas paredes:

«Clases de Tai-chi. Luns e mércores de seis a oito».

–Velaí a explicación das «figuras»! –dixen para min.

Ao principio, pensei que ningún veciño se animaría a ir, pero pouco a pouco algúns foron interesándose polo tema... Na primavera, ás clases xa acudían quince. Antes do verán, ordenaron organizar unha colecta e pintaron de novo a casa; Alexandre, que tamén é moi bo pintor, escolleu cores azuis, violetas e laranxas.

O día da festa do lugar, que se celebra o tres de xullo, o grupo de Tai-chi convidou a vir á aldea a outro grupo da cidade que tamén practica esa antiga arte oriental, e na **eira** fixeron xuntos unha presentación para todo o mundo. Entre os que viñeron, unha parella decidiu comprar unha das casas máis vellas da aldea e rehabilitala, pois vese que o lugar de onde eu son lles pareceu un sitio fermoso para vivir.

Daquela, Alexandre explicoume que el fabricaba o seu propio xabón, que non leva produtos químicos nocivos para os animais do río. E como os veciños tamén entenden de facer xabón, agora decidiron facelo xuntos. Ademais, xa lle solicitaron ao concello que se retiren os trebellos da carballeira e que poñan de novo as randeiras e os bambáns, porque a parella que comprou a casa ten rapaces pequenos.

Non me estraña que os meus veciños mandasen quitar aqueles aparellos de ximnasia do parque da carballeira. Co seu traballo diario están fortes coma buxos e, coas clases de Tai-chi, flexibles coma o bambú!

Paul do Canizo

ultramarinos: tendas onde se venden produtos comestibles.

trebellos: aparellos.

veigas: terreos dedicados ao cultivo; agros, eidos.

chousas: porcións de monte cercadas, de non moita extensión; zarras.

eira: sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes, etc.

COMPRENDO O TEXTO

1. Explica sobre o relato.

- Onde ten lugar a historia?
- Quen é o narrador?
- É protagonista da historia?

2. Observa a imaxe que acompaña o texto e responde.

- Quen é este personaxe e a que se dedica?
- Que lles resultaba raro del aos veciños?
- Que organizou na aldea?

3. Explica en que cambiou a aldea da que se fala na historia.

4. Elixo a opción correcta. Que clase de desenlace ten o relato?

Un desenlace pechado porque sabemos o que ocorre co novo veciño.

Un desenlace aberto porque non sabemos o que ocorre co novo veciño.

TRABALLO EXPRESIÓNS DO TEXTO

5. Explica poñendo exemplos. Que entendes con estas expresións?

- parque saudable
- exercicio cardiorrespiratorio

6. Dá unha definición para a palabra *figuras*, que emprega a señora Rosa, a veciña do lugar.

EXPLICO E INTERPRETO

7. Tivo éxito o parque saudable entre os veciños? Por que cres que ocorreu iso?

8. Explica coas túas palabras o parágrafo final do texto.

EDUCACIÓN CÍVICA

9. Opina. Cres que o texto reflicte unha situación real?
10. Que cousas lles poderán ofrecer os novos veciños aos vellos?
11. E os vellos aos novos?

Pon exemplos

APRENDO A FACER COMENTARIOS

12. Elixo e completa sobre a lectura.

primeira persoa
terceira persoa

que observa
que lle contaron

O relato está escrito en _____
e nel conta uns feitos _____ na súa aldea.

EU TAMÉN ESCRIBO

13. Imaxina e escribe a carta en que os veciños lle solicitan ao concello a retirada dos aparellos de ximnasia.